



Testamento do P. Christian de Chergé, prior do Mosteiro de Tibhirine (Alxeria), feito dous anos antes da súa morte

Christian de Chergé

A película «De dioses y hombres», 2010, non deixa indiferente a ninguén, e revive a vida e a historia dos monxes cistercienses da comunidade de Ribhirine (Alxeria), asasinados no 1996 por grupos radicais, e que o 8 de decembro pasado foron beatificados en Orán (Alxeria) xunto con outros compañeiros e compañeiras da mesma fornada martirial. O testamento do P. Christian convértese, despois de todo isto, nun testemuño en primeira persoa que non ten prezo.

«Se me sucedese un día –e ese día podería ser hoxe– ser vítima do terrorismo que parece querer chegar neste momento a toda a xente estranxeira que vive en Alxeria, eu quixera que a miña comunidade, a miña Igrexa, a miña familia, lembren que a miña vida estaba entregada a Deus e a este país.

Que eles acepten que o Único Mestre de toda vida non podería permanecer alleo a esta partida brutal.

Que recen por min.

Como ía poder eu ser atopado digno de tal ofrenda?

Que saiban asociar esta morte a tantas outras tan violentas e abandonadas na indiferenza do anonimato. A miña vida non ten máis valor ca outra vida.

Tampouco non ten menos.

En todo caso, non ten a inocencia da infancia.

Teño vivido abondo como para me saber cómplice do mal que parece, desgraciadamente, prevalecer no mundo, inclusive do mal que podería golpear-me cegamente.

Desexaría, chegado o momento, ter ese instante de lucidez que me permita pedir o perdón de Deus e o dos meus irmáns, os homes, e perdoar, ao mesmo tempo, de todo corazón, a quen me teña ferido.

Eu non podería desexar unha morte semellante. Paréceme importante proclamalo.

Pois é así, non vexo como me podería alegrar que este pobo ao que eu amo sexa acusado, sen distingos, do meu asasinato.

Sería pagar moi caro o que se chamará quizais a «graza do martirio» deberlla a un alxeriano, sexa quen sexa, sobre todo se el di actuar en fidelidade ao que el cre ser o Islam.

Coñezo o desprezo co que puido envolver aos alxerianos tomados globalmente.

Coñezo tamén as caricaturas do Islam fomentadas por certo islamismo.

É doado abondo crerse coa conciencia tranquila identificando este camiño relixioso cos integristas dos seus extremistas.

Alxeria e o Islam para min son outra cousa, é un corpo e unha alma.

Proclameino moitas veces, coido, coñecendo ben todo o que deles teño recibido, atopando neles con moita frecuencia o fío condutor do Evanxeo que aprendín sobre os xeonllos da miña nai, a miña primeirísima Igrexa, precisamente en Alxeria e, xa desde aquela, no respecto dos crentes musulmáns.

A miña morte, evidentemente, parecerá dar a razón ás persoas que me teñen tratado, á lixeira, de inxenuo ou de idealista: «que diga agora o que pensa disto!»

Pero estes teñen que saber que por fin será liberada a miña máis afiada curiosidade. Daquela poderei, se Deus así o quere, fundir a miña ollada na do Pai para contemplar con El os Seus fillos do Islam tal como El os ve, enteiramente iluminados pola gloria de Cristo, froitos da Súa Paixón, inundados polo Don do Espírito,

cuxo gozo secreto será sempre o de establecer a comunión e restablecer a semellanza, xogando coas diferenzas.

Por esta vida perdida, totalmente miña e totalmente deles, doulle grazas a Deus que parece tela querido enteiramente para este gozo, contra e a pesar de todo.

Neste grazas no que está todo dito, definitivamente, sobre a miña vida, eu inclúovos, por suposto, amigos de onte e de hoxe, e a vós, amigos de aquí, onda a miña nai e o meu pai, as miñas irmás e irmáns e os seus, o céntuplo concedido, como foi prometido!

E a ti tamén, amigo do último instante, que non terás sabido o que facías.

Si, para ti tamén quero este grazas, e este «A-Deus» no rostro do cal eu te contemplo.

E que nos sexa concedido atoparnos de novo como ladróns felices no paraíso, se así o quere Deus, Pai noso, teu e meu.

Amen! *Im Jallah!*

Christian de Chergé
Prior do Mosteiro de Tibhirine (Alxeria)